

BASES DO CONCURSO

Contamos

DELAS

En marzo teredes tempo para facer protagonista dunha historia á muller que vós queirades. Trátase de facer un texto baseado na biografía dalgúnha muller, famosa e coñecida, actual ou do pasado. A historia teredes que contala coma se vós fósedes a protagonista e en primeira persoa. O relato pode ser baseado totalmente na realidade ou ser inventado pero debe conter algo do pasado ou presente dessa muller, resaltando sempre aquelo polo que é coñecida. Ao remate do relato debe figurar: "baseado na historia de (o nome da muller famosa que vos inspirou a historia)" para que o xurado poida apreciar que efectivamente contén trazos para identificar a protagonista.

PRIMEIRA: Obxecto. O Concello de Mesía, co motivo do Día Internacional da Muller, propón o concurso *Contamos DELAS*, como un medio para visibilizar o papel da muller na historia pasada e presente.

SEGUNDA: Persoas participantes. Poderán participar no programa *Contamos DELAS*, calquera persoa do Concello de Mesía (ou que curse estudos no CPI de Xanceda) de 4º de primaria en adiante.

TERCEIRA: Requisitos. Cada persoa participante, deberá facer un relato curto, cun máximo dun folio polas dúas caras. Ou dous por unha cara.

CUARTA: Recepción de propostas. As propostas recolleranse na Casa da Cultura de Xanceda, na biblioteca do CPI Xanceda ou no correo: casadacultura@concellodemesia.gal. En todos os traballos figurarán os datos da persoa participante (nome, apelidos, curso e enderezo). A data límite da entrega é o 29 de marzo do 2024.

QUINTA: Xurado. O xurado estará composto por unha representante da Mancomunidade que desenrole o seu traballo no ámbito da Muller, a representante da Concellería de Igualdade do Concello de Mesía, a responsable de dinamización lingüística e a encargada da biblioteca do CPI de Xanceda. O xurado terá en conta para a súa elección, o relato e a súa calidade pero tamén o contido no tema que nos ocupa, o papel da muller na sociedade, a igualdade, os estereotipos, aqueles criterios que por viabilidade, adecuación e pertinencia, reflectan a esencia da celebración do 8 de Marzo.

SEXTA: Data de selección. O xurado fará pública a súa decisión **dúas semanas** despois de esgotar o prazo de entrega.

SÉTIMA: Recoñecemento. Elixirase unha proposta gañadora en función aos seguintes niveles .

- De 9 a 11 anos.
- De 12 a 14 anos.
- De 15 a 17 anos.
- Pessoas adultas.

OITAVA. Premios. Cada persoa premiada será obsequiada co valor de **75 €** en material de librería.

O fallo do xurado, será inapelable. A participación no certame daralle dereito ó concello á publicación dos relatos.

NOVENA. Aceptación das bases. A participación neste concurso implica a aceptación de todo o recollido nestas bases. A organización reservarase o dereito de modificalas, así como de regular calquera aspecto non contemplado nas mesmas.

Mesía, febreiro do 2024